



28 de maio de 2008

Curso 2007/08 nº 28

boletin@edu.xunta.es



# Boletín Informativo

En páxinas seguintes:

<i>Anticipación da primeira lingua estranxeira 08-09</i>	2
<i>Cursos de verán 2008</i>	2
<i>Xornadas "Ciencias para o mundo contemporáneo"</i>	2
<i>XII Congreso internacional de tecnoloxías para a educación e o coñecemento</i>	2
<i>Axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo</i>	2
<i>Premios Educacompostela</i>	3
<i>Concurso de tradución europeo "Jvenes Tradutores"</i>	3
<i>Portal "Teach Today"</i>	3
<i>Revista Xenia</i>	3
<i>Día mundial sen tabaco</i>	3

## *Listaxes de alumnado de Inmersión Lingüística*

Publicanse as listaxes definitivas do alumnado participante no Programa de Inmersión Lingüística 2008, coas quen- das e destinos. Toda a infor-

mación está dispoñible no web

[www.edu.xunta.es/axudasle](http://www.edu.xunta.es/axudasle)



## *Fondo social*

Publicase no DOG a Resolución do 8 de maio de 2008 da Consellería de Presidencia pola que se ordena a publica-

ción dos criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para


o exercicio económico do ano 2007

[Máis información](#)

## *Programas de cualificación profesional inicial*

Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

[Ligazón ao DOG](#)



## *Axudas para a realización de actividades de formación de profesorado*

Orde do 13 de maio de 2008 pola que se convocan axudas económicas para a realización de actividades de formación de profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de

Galicia durante o ano 2008 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica ou polas asociacións e fundacións con fins pedagóxicos, legalmente constituídas, e se

aproban as súas bases reguladoras.

[Ligazón ao DOG](#)

## *Seccións bilingües 08-09*

Aqueles centros interesados en solicitar novas seccións bilingües deben facelo ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2007. O prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro 31 de maio.

Para os centros participantes no plan no presente curso

escolar, as instrucións envíanse aos centros e poden atoparse no [web de linguas estranxeiras](#). Lémbrese ao profesorado participante que, para a obtención do certificado de participación no plan, debe enviar unha memoria avaliativa co visto e prace da

dirección do centro ao finalizar o curso escolar. O modelo de memoria será enviado a todos os centros, pero pode descargarse na seguinte ligazón.

[Modelo de memoria](#)

### Convocatorias de premios

[Premios a recursos educativos para a Sociedade da Información](#)

[Premios á innovación educativa](#)

### *Anticipación da primeira lingua estranxeira en infantil 08-09*



Os centros interesados en participar no **plan de anticipación da primeira lingua estranxeira en educación infantil** deben facelo ao abeiro da Orde do 30 de abril de 2007 (DOG do 10 de maio). O prazo de presentación de

solicitudes remata o vindeiro **15 de xuño**.

Os centros que actualmente participan renovarán a autorización de xeito automático sempre que se sigan a cumprir as condicións necesarias. Lémbrese que para a obten-

ción de certificado o profesorado participante debe enviar unha memoria avaliativa co visto e prace da dirección do centro antes do 15 de xuño.

[Máis información](#)

### *Cursos de verán 2008*

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, a través do Instituto Superior de Formación do Profesorado, ofrece e financia 1.875 prazas distribuídas en 40 cursos de verán para actualiza-

ción didáctica e científica do profesorado en exercicio de todo o territorio nacional. O prazo de presentación de solicitudes e documentación acreditativa será de quince días naturais, contados a partir do

seguinte ao da publicación da Orde no taboleiro de anuncios do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

[Máis información](#)



### *Xornadas “Ciencias para o mundo contemporáneo”*

Con motivo da implantación no próximo curso escolar da nova materia **Ciencias para o mundo contemporáneo** (CCMC), a Fundación Espa-

ñola para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) e o Instituto Superior de Formación de Profesorado (ISFP) convocan conxuntamente unhas xorna-

das en torno a esta materia, que se celebrarán en Madrid os días 20, 21 e 22 de xuño.

[Máis información](#)



### *XIII Congreso internacional en tecnoloxías para a educación e o coñecemento: A Web 2.0*

A UNED organiza en Madrid, os días 3, 4 e 5 de xullo de 2008 a XIII edición do Congreso de Informática Educativa. Este ano céntrase no uso das TIC e a Web 2.0 nas tarefas de investigación, xestión e produción docentes. O obxectivo é intercomunicar os pro-

fesores de universidade, bacharelato, ciclos formativos, secundaria, primaria, educación infantil, educación especial, educación de adultos, formación de empresas... que teñan as mesmas inquietudes e intereses nalgunha área específica.

O programa consta de conferencias plenarias, paneis de expertos, obradoiros e sesións simultáneas de traballo que axudarán a introducir e integrar as TIC na aula.

[Máis información](#)



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

### *Axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo*

No curso 2008-2009 prodúcese importantes modificacións na normativa de bolsas e axudas ao estudo. Nesta convocatoria regúlanse:

- Axudas directas para o alumnado que presenta necesidades educativas especiais aso-

ciadas á discapacidade ou trastorno de conduta.

- Subsidios por necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou trastorno de conduta para familias numerosas.

- Axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociado a altas capacidades intelectuais.

[Ligazón ao BOE](#)



O Concello de Santiago de Compostela e Nova Escola Galega convocan os "Premios Educacompostela", co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente aque-

### Premios Educacompostela

les materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuir ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a re-

novación pedagóxica.

[Máis información](#)



Invítase aos centros de ensino de toda Europa a solicitar a súa inscrición no concurso de tradución *Juvenes Translatores* organizado polo departamento de tradución da Comisión Europea. O concurso vai dirixido a estudantes nados en 1991 e celebrárase en novembro deste ano.


A solicitude de participación farase no web de *Juvenes Translatores* entre o 1 de setembro

e o 20 de outubro de 2008. Despois do 20 de outubro sortearanse os centros que poderán participar no concurso, os cales poderán inscribirse ata catro alumnos antes do 12 de novembro de 2008.

Os textos orixinais do concurso estarán escritos por tradutores da Comisión. Os concursantes elixirán libremente

un par de linguas entre as [23 linguas oficiais](#) da UE.

[Máis información](#)



Portal da comisión europea, en distintas linguas, para educar os alumnos a facer un uso axeitado das novas tecnoloxías da información.

<http://es.teachtoday.eu/>

Entre as súas seccións atoparemos temas actuais como acoso por Internet e teléfono

### Portal educativo "Teach today"

móbil, privacidade e seguridade personal, benestar e saúde. Tamén inclúe informes de

interese como os patróns de uso das TIC por parte dos mozos, estatísticas etc.



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

A Unidade de Muller e Ciencia saca á luz a revista *Xenia*. Esta publicación, dirixida ao

### Publicación da revista Xenia

público preuniversitario, ten como obxectivo principal fomentar a orientación acadé-

mica e profesional libre de estereotipos de xénero.

[Máis información](#)

### 31 de maio. Día mundial sen tabaco 2008

O día 31 de maio de 2008 celébrase o [Día Mundial Sen Tabaco 2008](#). Arredor deste día, distintas organizacións están a facer actos en toda a comunidade galega para con-

cienciar o fumador pasivo e activo dos danos irreversibles que produce o consumo de tabaco. Xa que moito profesorado galego traballa este tema co seu alumnado, no

Portal Valora proporcionámosvos algúns materiais e recursos explicativos.

[Ligazón á noticia no Portal do Plan Valora](#)

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*

*O liberespazo: [acceso](#)*

*Unidade de muller e ciencia: [acceso](#)*

## Webs temáticas



## Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación](#)

[Primaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)